

Os especialistas aseguran que a situación do idioma é «emerxente» na sociedade

O uso do galego nos medios é menor que na rúa, segundo os lingüistas

A visión dos lingüistas sobre o uso do galego nos medios de comunicación é case unánime: o galego é máis utilizado na sociedade que na prensa. Así o sinalaron os especialistas invitados onte ás xornadas sobre o galego nos medios que se iniciaron onte na

Toxa. Segundo os filólogos, as estatísticas entre o uso do galego e o reflexo que este uso ten na prensa son categóricas ó indicar que a actividade de expresión galega e a vitalidade da lingua na rúa non ten un reflexo axeitado nos medios.

VILAGARCÍA, C.F.

Redacción

A primeira xornada dos encontros organizados pola Asociación de Periodistas de Galicia serviu para que os lingüistas do país criticaran ós medios de comunicación. Dende a primeira á última mesa, os poñentes coincidiron en sinalar que a presenza do galego nos medios de comunicación é menor que o uso do galego por parte dos cidadáns.

Os especialistas ofreceron, nas distintas mesas redondas celebradas onte, estatísticas que sinalan o divorcio entre o uso do galego e o reflexo que este ten nos medios de comunicación de todo tipo.

Neste sentido, Henrique Monteagudo, do Consello da Cultura Galega, apuntou que o 60 por cento da poboación de Galicia tiña como lingua inicial o galego.

Carme Hermida, da Facultade de Xornalismo, se referiu a que en 1996 o 83% das emisións de televisión analóxica gratuíta se realizaron en castelán e só o 17% en galego. Considerando esta cifra coa aportada por Monteagudo, Hermida considerou que «se o que non sae nos medios non existe, o galego case non existe». Hermida engadiu na súa intervención que a situación do galego nos medios empeorou «a pesar da entrada en vigor da Lei de normalización lingüística e de que as inquisas din que o lector é proclive ó galego tanto en información como en publicidade».



Os especialistas reunidos na Toxa consideran necesaria unha incorporación progresiva do galego nos medios

Estándar e normalización

Os lingüistas están moi sensibilizados co papel que os medios deben xogar na normalización do uso do galego e tamén na estandarización do idioma. Xesús Ruibal, da Real Academia Galega, aportou un estudo sobre o uso do galego na prensa entre os días 24 e 26 do mes recén finalizado, no que se aprecia que por cada 100 páxinas de prensa editada en Galicia, só trece foron escritas en galego. O académico circunscribiu este uso á argumentos culturais, colaboracións e publicidade institucional. Ruibal aportou datos do mapa sociolingüístico de Galicia no que se di que o 97% da poboación urbana do país le perfectamente en galego.

Francisco Fernández Rei, do Instituto da Lingua galega, sinalou que «sería necesaria unha segunda canle televisiva en galego» e apuntou

que hai linguas máis minoritarias que o galego que manteñen medios de expresión diarios, como é o caso do Romanche, en Suíza, que conta con só 50.000 falantes.

Pola súa banda, Manuel González, do Centro Ramón Piñeiro, indicou os erros máis reiterados nos medios de comunicación audiovisuais á hora de utilizar o galego: tempos compostos co verbo haber, non distinción das vocais abertas e pechadas, escasa utilización de perífrases propias do galego ou a utilización de palabras galegas con semántica castelán. González indicou que os medios deberían asumir a responsabilidade na «difusión do estándar lingüístico escollido» e asociou ese estándar ó prestixio da lingua. O investigador indicou que estes problemas do uso de referentes en castelán.